



RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO SOBRE A MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN PARCIAL DO SUNP-7 O AVÍO, NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Promotor: particular

Órgano substantivo: Concello de Santiago de Compostela

Expediente: 2022AAE2724

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a proposta que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

1. O Plan parcial do solo urbanizable non programado núm. 7 aprobouse de forma definitiva o 03.07.1998.
2. O 29.09.2022 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello de Santiago de Compostela para iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada da *Modificación puntual do Plan parcial do solo urbanizable non programado número 7 situado no lugar de O Avío* (en diante MP), acompañado dun borrador do plan e un documento ambiental estratéxico. O 04.10.2022 recibíuse a documentación completa para poder iniciar a tramitación ambiental do planeamento.
3. O día 04.10.2022 esta dirección xeral iniciou un período de consultas previas á formulación do informe ambiental estratéxico, facendo públicos no portal web os documentos recibidos e consultando ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas por un prazo de 30 días hábiles.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A LSG e mais o seu Regulamento (RLSG), aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro, integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
2. Segundo o artigo 46.2.b da LSG, debe ser obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada o planeamento de desenvolvemento urbanístico, por establecer o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión. As modificacións de calquera dos elementos do planeamento suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación (artigo 83.5 da LSG).
3. Conforme o artigo 75.3 da LSG, o órgano ambiental determinará no informe ambiental estratéxico se o plan ten ou non efectos significativos no medio. No caso de non prever efectos significativos o plan poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza. No caso de prever efectos ambientais significativos someterase a unha avaliación ambiental estratéxica ordinaria.



4. A LSG establece tamén que antes de emitir o informe ambiental estratéxico deberase consultar ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características do planeamento

Obxecto: excluír do ámbito do SUNP-7 "O Avío" unha parcela (referencia catastral 000800500NH34H0001JH) cunha superficie de 1.193 m² cualificada no Plan parcial como zona libre pública (está dentro da ZL4).

Segundo o Plan Parcial, a superficie actual do SUNP-7 ascende a 83.027 m².



--- Ámbito do SUNP-7
— Parcela que se quere excluír do SUNP

Alternativas: no documento ambiental estratéxico analízanse tres alternativas. A alternativa cero (0) suporía manter en situación de fóra de ordenación unha vivenda existente na parcela; a alternativa 1 sería incorporar a parcela ao sistema de espazos libres públicos, o que suporía uns custos excesivos para o Concello (expropiación ou realoxo mais urbanización); a alternativa 2 é a seleccionada (proposta).

Proposta: exclúese a parcela en cuestión do ámbito do SUNP-7 e pasa a ter a consideración de solo urbano consolidado baixo ordenanza 6 de vivenda unifamiliar extensiva.





2. Características ambientais da área probablemente afectada

O ámbito do SUNP-7 emprázase no extremo norte da cidade de Santiago de Compostela e conforma un barrio residencial de recente implantación. Trátase dunha zona de bordo da trama urbana, en contacto coa contorna rústica.

A parcela que se pretende excluír do SUNP-7 está ocupada por unha vivenda unifamiliar illada construída no ano 1990 rodeada por un pequeno xardín. Linda polo oeste con varias fieiras de vivendas unifamiliares acoradas e ao sur atópase un pequeno parque infantil e edificios de vivendas colectivas, todos eles seguindo patróns ben definidos propios das zonas máis urbanas. Ao norte da parcela aparecen vivendas unifamiliares dispersas rodeadas de prados, fincas e pequenas manchas de frondosas autóctonas.

3. Período de consultas previas

Realizáronse as seguintes consultas previas á formulación deste informe ambiental:

	Resposta	Sen resposta
Instituto de Estudos do Territorio	x	

De forma resumida este organismo considera que a modificación puntual do plan parcial do SUNP-7 non provocará un impacto paisaxístico significativo. Para os efectos do disposto no artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008, considera suficiente a análise da paisaxe contida no documento ambiental estratéxico.

Asemade, o borrador da MP e mais o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que o público en xeral puidese consultalos e facer observacións/suxestións de contido ambiental. Non se recibiu ningún comentario.

4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

Con esta modificación do Plan parcial do SUNP-7 preténdese excluír do seu ámbito unha parcela cualificada como zona libre pública.

A proposta non establece un marco para a futura autorización de proxectos. Tampouco ten incidencia sobre outros plans ou programas de carácter ambiental.

A proposta formulada no borrador vén a recoñecer a existencia dunha vivenda na parcela, permitindo a súa permanencia e axustando a clasificación e cualificación do solo á realidade existente e en coherencia coa situación dos terreos limítrofes.

A modificación puntual non presentará unha forte incidencia paisaxística toda vez que os cambios na clasificación do solo e na ordenanza non modifican as tipoloxías edificatorias, edificabilidades ou volumetrías.

Non se prevén novas actuacións sobre o territorio nin se modifica a tipoloxía edificatoria, edificabilidade ou volumetría do existente, polo que non se agardan efectos ambientais significativos co desenvolvemento do planeamento proposto.





PROPOSTA

Tendo en conta o resultado das consultas previas realizadas e a análise cos criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a *"Modificación puntual do Plan parcial do solo urbanizable non programado número 7 situado no lugar de O Avío"*.

María Carmen Paz Cornes
Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas
(asinado con sinatura dixital)

Conforme:

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental
(asinado con sinatura dixital)

De acordo coa proposta anterior, RESOLVO:

Non someter ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica a *"Modificación puntual do Plan parcial do solo urbanizable non programado número 7 situado no lugar de O Avío"*, no concello de Santiago de Compostela, posto que non se prevén efectos ambientais significativos.

Esta resolución farase pública a través do *Diario Oficial de Galicia* e do portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>). Remitirase ao Concello de Santiago de Compostela xunto con copia do escrito recibido na fase de consultas previas.

Segundo o artigo 35.2.c) da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba a modificación puntual no prazo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, agás que se acorde unha prórroga por dous anos adicionais.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía xudicial contra o acto de aprobación definitiva do instrumento de planeamento, nos termos previstos na lexislación aplicable (artigo 31.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, en relación co artigo 84.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
(asinado electronicamente)

